



 XUNTA  
DE GALICIA

 Xacobeo 21-22

A Coruña



*Ruta da Pescadería*  
un paseo de  
historia e vida



# A Coruña



A CORUÑA ESTÁ SITUADA SOBRE UNHA PENÍNSULA ENTRE O OCÉANO ATLÁNTICO E AS RÍAS ALTAS QUE CONFORMAN O GOLFO ÁRTABRO, POLO QUE FOI CHAMADA, NA ÉPOCA ROMANA, MAGNUS PORTUS ARTABRORUM, O GRAN PORTO DOS ÁRTABROS.

TAMÉN É COÑECIDA NA ACTUALIDADE COMO A CIDADE DE CRISTAL, POLOS SEUS IMPRESIONANTES EDIFICIOS DE GALERÍAS ACRISTALADAS, OU COMO A CIDADE HERCULINA, DEBIDO ÁS LENDAS VENCELLADAS AO FARO MÁIS ANTIGO DO MUNDO EN FUNCIONAMENTO, A TORRE DE HÉRCULES, DECLARADO POLA UNESCO PATRIMONIO DA HUMANIDADE..

# Imprescindibles

A  
Praza de María Pita e  
Concello da Coruña



B  
Mercado de San Agustín



C  
Igrexa das Capuchinas e  
Museo de Belas Artes



D  
Casa museo Picasso



E  
Praza de Lugo — mercado de abastos



F  
Xardíns de Méndez Núñez







- 1 Praça de María Pita
- 2 Praça Marqués de San Martín
- 3 Praça do Humor
- 4 Praça de San Nicolás
- 5 Praça do Pintor Sotomayor
- 6 Rúa Panaderas
- 7 Travesía Estreita de Santo André
- 8 Rúa Torreiro
- 9 Rúa Rego de Auga
- 10 Rúa Real
- 11 Rúa dos Olmos
- 12 Praça da Fonte de Santo André
- 13 Rúa Santo André
- 14 Praça de Pontevedra
- 15 Praça de Lugo
- 16 Cantón Pequeno
- 17 Cantón Grande
- 18 Avenida da Mariña





# A Coruña

## Ruta da Pescadería

O vello barrio dos mariñeiros converteuse, a partir do século XVIII, no lugar elixido polos comerciantes para instalar as súas tendas e almacéns. A súa localización entre o porto e as praias —nun espazo chan— un deseño de rúas máis amplas e unha boa arquitectura modernista fixeron da Peixaría o centro comercial con encanto da Coruña.

Comezamos o noso percorrido a carón da **praza de María Pita 1** e do Concello, na inmediata **praza do Marqués de San Martín 2**, onde nos atopamos coa IGREXA DE SAN XURXO (s. XVIII), declarada monumento histórico-artístico en 1975. É obra dos xeniais arquitectos Clemente Fernández Sarela e Fernando de Casas Novoa, autor da fachada do Obradoiro na Catedral de Santiago; esta fachada inspírase por iso no Barroco compostelán ou de placas. No seu interior, o emprego de celosías revela o carácter monacal doutro tempo, pois primeiro foi convento de xesuítas, logo pertenceu á orde de Santo Agostiño e rematou sendo igrexa parroquial.

No ano 1901 sucedeu un feito insólito, a voda entre dúas mulleres Marcela e Elisa, que ás sete da mañá contraeron matrimonio nesta igrexa. Elisa disfrazouse de home, inventou unha falsa identidade, tomando como refe-

rencia a un curmán de seu chamado Mario, falecido nun naufraxio, e asegurou que o seu pai era un ateo para convencer ao párroco de que a bautizase para poder casar coa súa amada, Marcela, filla dun capitán do exército. Ao seren descubertas, perderon os seus traballos como mestras, deuse orde de busca e captura contra elas e fuxiron a Porto onde se perdeu o seu rastro nun barco con destino a América, posiblemente a Arxentina. Marcela e Elisa foron vistas por última vez en Bos Aires en 1904 e se formulan moitos interrogantes ao seu redor. Cen anos despois esta historia serviu de inspiración para que a directora de cine Isabel Coixet a converta en película.



**P. ANTERIORES** Praia do Orzán, praza de Lugo  
**PÁXINA OPOSTA** Praza de María Pita  
**ABAIXO** Igrexa de San Xurxo





Detrás da igrexa de San Xurxo temos o MERCADO DE SANTO AGOSTIÑO, unha construción racionalista do ano 1932 obra dos arquitectos Santiago Rey Pedreira e Antonio Tenreiro. O edificio, realizado en formigón, presenta unha cuberta con 32 metros en forma de parábola que permite crear un interior despexado e diáfano, con iluminación natural a través de cristaleiras. É un lugar perfecto para ver a oferta de variados produtos frescos coma peixes, carnes, verduras, queixos...

Diante está a antiga praza dos ovos, hoxe convertida na singular **praza do Humor** ③, proxectada por Siro López en 1990 e dedicada a grandes autores coma Álvaro Cunqueiro, Castelao, Mark Twain, ou personaxes coñecidos por todos coma Mafalda, os Picapedra, Astérix e Obélix... Todos eles ao longo dos anos, cos seus peculiares xeitos de ver a vida ou coas súas aventuras, arrincáronos máis dun sorriso. En 1958 abriu aquí




a Tasca A Cunqueiña, todo un referente no barrio, e que conserva a decoración orixinal, os clientes e as vellas tradicións como servir o viño do Ribeiro en cunca ou a súa decoración. Son famosas as súas sesións vermú con música en vivo os sábados e a celebración de eventos especiais, coma o Día das Letras Galegas onde se len textos do homenaxeado.

Recentemente instaláronse nesta zona algúns negocios singulares como Vintage & Coffee (praza de Santo Agostiño nº 2), onde se pode atopar moda, complementos ou obxectos de decoración xenuínos dos anos 70, 80 o 90. Tesouros (rúa Pío XII nº 1), onde se amosa o traballo de 12 artesás da xoiaría e cuxas coleccións empregan todo tipo de materiais: arame, cerámica, papel, porcelana, pedra, latón, macramé, prata, vidro, resina,

**PÁXINA OPOSTA** Mercado de San Agustín  
**ARRIBA** Igrexa de San Nicolás  
**ABAIXO** Rótulo de Cerería y Objetos Religiosos





coiro ou seda. No mesmo inmoble, [Varaston](#) é unha tenda de útiles de fogar, téxtil, papelería e coidado persoal, onde o que prima é o deseño nos obxectos de uso cotián, razón pola que se lle concedeu un dos premios «Comercio con talento 2019». Ao seu lado, [De Raíz](#), marca galega de moda e complementos sostibles realizados artesanalmente, de produción local. Utilizan materiais orgánicos, naturais e tecidos estampados á auga, elaborados con técnicas respectuosas co medio ambiente; en definitiva, o que se denomina slow fashion.

Paga a pena desviarnos un momento pola rúa Marqués de Pontejos e no nº 5 admirar o escaparate de [Casa Cuenca](#) «Provisionista de buques, Ultramarinos Finos y Productos Gallegos» segundo o seu letreiro. Hoxe é un establecemento reconvertido en tenda

**ARRIBA** Edificio modernista da praza de San Nicolás  
**PÁXINA OPOSTA** Museo de Belas Artes


gourmet. Xusto en fronte, [La Teresiña](#), onde se poden atopar pezas únicas e tesouros midcentury, que se mesturan con mobiliario de deseño propio..

O noso itinerario continúa pola achegada praza de San Nicolás, onde se sitúa a [IGREXA DE SAN NICOLÁS](#), unha obra barroca do século XVIII que, así a todo, presenta hoxe unha fachada neoclasicista do ano 1865. Da vella construción destruída en 1598, só se conserva a capela do Cristo. Na capela das Dores, obra de Melchor de Prado, repousan os restos de Teresa Herrera fundadora do Hospital da Caridade e gran benfeitora da Coruña. No mes de agosto, dende 1946, celébrase na Coruña un trofeo que leva o seu nome e que actualmente representa en prata e ouro a emblemática Torre de Hércules. O Trofeo Teresa Herrera segue sendo un dos torneos amigables de fútbol máis prestixiosos do mundo.

Na praza chámamos a atención o [EDIFICIO MODERNISTA](#) (1913) do arquitecto Ricardo Boán y Calleja, situado nos números 11-13, construído con materiais e elementos novidosos, coma o ladrillo ou os arcos de ferradura e que introduce, ademais, unha peculiar forma de interpretar as galerías, cunha distribución asimétrica que, ao parecer, non permitían as ordenanzas do momento.

Arredor da **praza de San Nicolás** <sup>4</sup> sitúanse algúns dos comercios máis vellos da cidade coma a [Farmacia Osorio](#), aberta dende 1871; a [Cerería y Objetos Religiosos](#), dende 1885, onde aínda se poden adquirir petos de ánimas elaborados de xeito artesanal en madeira; e a [Xoiaría Amor](#), situada nos números 7 e 8 da rúa San Nicolás, que naceu como casa de cambio de moeda, ouro e prata, tan necesaria nunha cidade portuaria e que leva aberta dende 1885.

E se imos acompañados das nosas mascotas e queremos facer un descanso, na mesma praza atopamos dous locais *pet friendly*: [San Nicolás & Cia](#), que favorece os hábitos saudables ofrecéndonos unha mazá para acompañar o café ou o [Valentín Café-Restaurante](#), a terraza do cal foi seleccionada en 2015 como unha das mellores de España. A súa coidada decoración garda o encanto de antano combinada con elementos modernos e na súa carta ofrece pratos dos cinco continentes. Todo iso converteu este establecemento nun dos máis cool da cidade..



Continuamos pola rúa de San Nicolás e no nº 36 chegamos a [Enxebre](#), unha tenda especializada en produtos de calidade e todos con «apelido galego». Aquí podemos adquirir pan de Cea, confeitura de pementos de Herbón, bica de Trives, Pedras de Hércules, galletas «Coruñesas», aceite de Quiroga, patacas Bonilla a la Vista, café Do Noso o vermú Sandino madurado fronte ao mar.

E xa estamos na **praza do Pintor Sotomayor** <sup>5</sup> e nos atopamos coa [REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES](#) e a [BIBLIOTECA DO REAL CONSULADO](#). Esta última acolle varias pezas de interese tales como un manuscrito inédito de Quevedo, documentos relativos á reforma da Torre de Hércules, a primeira edición holandesa do *Quixote* ou as receitas de *Picadillo*. Un dos sucesos máis comentados que aconteceron neste edificio data do ano 1985, cando foron roubadas dúas pequenas táboas de Rubens, que serían localizadas tres



meses máis tarde, unha pola conservadora do Museo Nacional de Estocolmo e a outra en Nova York, grazas á Interpol. Este roubo deu un pulo á creación do actual [MUSEO DE BELAS ARTES](#), que logo veremos e que, de xeito provisional, ocupara parte deste edificio. A construción data do ano 1700 e foi concibido como casa particular dun comerciante coruñés establecido en Cádiz —que xamais chegou a ocupala— o que nos fala da puxanza económica do momento.

Na próxima **rúa das Panadeiras** 6 atópase a [IGREXA DAS CAPUCHINAS](#) (s. XVIII). Esta obra barroca do arquitecto Fernando de Casas Novoa presenta na fachada a imaxe da Virxe das Marabillas, co escudo da orde franciscana a modo de peita e no interior un fermoso retablo. Na parte traseira, está o [MUSEO DE](#)

[BELAS ARTES](#) (rúa Zalaeta), obra do arquitecto ourensán Manuel Gallego Jorreto, que recuperou para iso parte do convento das Capuchinas e foi galardoado por esta actuación co Premio Nacional de Arquitectura en 1997. No seu interior acolle obras procedentes do Museo do Prado, pintura española e europea dos séculos XVI ao XX e pintura galega do XIX ao XX. Entre as salas máis visitadas están a que alberga as coleccións de gravados de Goya e de cerámica de Sargadelos, e as destinadas ás exposicións temporais.

A nosa ruta volve descender ata a praza do Pintor Sotomayor e enlaza coas rúas do Orzán, da Cordonería, do Torreiro, Galera, Real e Rego de Auga, onde iremos gozando dunha espléndida arquitectura como a que se aprecia no nº 8 da rúa Orzán, adornada con grandes cabezas de elefante, as antigas Escolas Municipais de 1906, obra de Pedro Mariño (nº 21) ou a casa situada nos números 10-12 da rúa Galera de Julio Galán y Carvajal, que presenta unha sofisticada decoración que encadra as fiestras grandes.


Na rúa Orzán atoparemos tendas de delicatessen como [Macario Alta Charcutería](#) (nº 1), que leva máis de 50 anos no sector. Ten fabricación propia a pequena escala e ofrece produtos imprescindibles para facer un bo cocido galego: porco celta, unto, pezuños, orellas ou cachuchas de porco. No nº 22 atopámonos co [Canalla Gourmet](#) e no nº 47-49 co [Riojano](#),

clásico ultramarinos, fundado en 1896, onde o produto estrela é o bacallau.

A librería [Cascanueces](#), no nº 14, convértese nun dos dinamizadores culturais do barrio a través dos seus obradoiros, exposicións, asinamentos e presentacións de libros, sendo especialistas en libros infantís e álbums ilustrados.

Nos últimos anos a Coruña converteuse nun referente de cidade de deseño, moda e estilo e, como non podía ser doutro xeito, as tendas dedicadas á decoración do fogar, con gusto e produtos orixinais, vanse abrindo camiño. Entre elas, [Albino](#) (rúa das Panadeiras nº 49), mencionada en AD, prestixiosa revista de decoración, como unha das mellores a nivel nacional. [Montegrappa](#), no nº 30, destaca polas súas pezas de estilo contemporáneo e de artistas emerxentes. [Amelie Vintage](#) (nº 39) é tenda e obradoiro de restauración onde iniciarnos na arte de darlles unha segunda vida aos mobles antigos. E por último, [Orzán 76](#), que tamén incorpora moda e complementos retro de firmas internacionais.

Seguimos a nosa ruta pola travesía da Cordonería para desembocar nunha das rúas máis pintorescas da cidade, a **travesía Estreita de Santo André** 7, cuberta cunha parra natural, que dá acceso a variados locais de lecer. A **rúa do Torreiro** 8 introdúcenos na rúa Galera que, xunto coas rúas da Franxa, dos Olmos e da Estrela, conforman a zona



de viños, restaurantes e tapas. Este pode ser un bo momento para probar unha [Estrela Galicia](#), cervexa que a familia Rivera leva elaborando na Coruña dende 1906. Hoxe é a cuarta xeración da mesma familia a que segue á fronte deste negocio, con presenza en máis de 35 países e cunha produción que rolda os 350 millóns de litros anuais. Chegamos así ás céntricas rúas Rego de Auga e Real, dúas rúas señoriais cheas de historia e destinadas ao comercio tradicional.

Se xiramos á esquerda, entraremos na **rúa Rego de Auga** 9, onde se atopa o [TEATRO ROSALÍA DE CASTRO](#), que presenta unha arquitectura neoclásica tardía do século XIX. Foi o primeiro edificio en ter luz eléctrica na cidade; con anterioridade empregábanse candeas de sebo que en moitas ocasións incendiaban as roupas das actrices e producían numerosos accidentes. Este teatro chegou a ser un dos máis importantes de España e moitas compañías remataban a súa xira na Coruña

**ARRIBA** A zona de viños, restaurantes e tapeo  
**PÁXINA OPOSTA** Casa dos elefantes, en Orzán 8





e aproveitaban para facer as súas representacións teatrais antes de embarcar cara a América. Trátase dun edificio de gran beleza e cunha programación de altísima calidade.

Na cidade aínda podemos atopar a popular casca xa que a comezos do século XX, cando o cacao empezou a chegar ao porto da Coruña, as clases menos podentes empregaban a casca do cacao mesturada con leite e azucre como substituto do café. Aínda hoxe se comercializa este produto nalgunhas tendas *gourmet*. Agora o café toma o protagonismo en lugares coma [La Boutique del Café](#) (nº 22) ou a [Asociación de Artistas](#) (nº 32), onde temos a oportunidade de vivir o ambiente bohemio gozando dun café e contemplando á vez as exposicións temporais dos artistas locais. Na rúa Rego de Auga nº 4, chegando xa á praza de María Pita, ten a súa tenda [Elena Ferro](#), unha das artesás máis prestixiosas de Galicia, que seguindo a tradición zoqueira dos seus devanceiros -pois xa van pola terceira xeración- soubo reinventar coma



ninguén o calzado popular das nosas avoas e dos nosos avós. A madeira e a pel curtida son os mesmos materiais que se empregaban xacando pero o deseño e o colorido das súas pezas converten o seu espazo nunha pequena galería de arte.

En toda a rúa a ourivería ten un lugar destacado na [xoiaría Obradoiro](#), con pezas únicas de rechamantes deseños, ou na [xoiaría Díaz](#), empresa familiar fundada en 1962, onde atopamos xoiaría tradicional galega e tamén nacional e internacional.

Antes de abandonar a rúa Rego de Auga non podemos deixar pasar a oportunidade de visitar [El Baúl de los Recuerdos](#) (nº16), sobre todo se cursaches o EXB, a través dos seus obxectos e coleccións podemos revivir os

**ARRIBA** Báscula da Farmacia Villar

**ABAIXO** Galerías Centro Real

**PÁXINA OPOSTA** Obelisco

anos 70, os 80 e os 90. En definitiva, un gran baúl onde atopar aquelas pequenas cousas que nos emocionan.

Chegamos á **rúa Real** <sup>10</sup> e comezamos contemplando, no nº 8, o primeiro cine comercial de España. Era o ano 1909 cando abriu as súas portas o **CINE PARÍS**. A poucos pasos de alí, no nº 20, unha placa lémbra-nos a primeira exposición que realizou Pablo Picasso cando era un adolescente e, ao seu carón, podemos ver outro bo exemplo da arquitectura modernista, no nº 22, onde Antonio de Mesa e Julio Galán crearon un espazo singular integrando a forxa, as galerías e unha cuidada decoración..

Ao longo da rúa Real, dispónse, en ámbalas dúas marxes, numerosas tendas de moda onde podemos gozar das creacións de sobresaíntes deseñadores galegos coma **Kina Fernández**, **Bimba y Lola** ou **Roberto Verino**. Tendas onde prima a exclusividade como **Guante Varadé** (nº 28), aberta hai un século, ou **Félix Ramiro** (nº 35), firma especializada na confección masculina de traxes a medida e que foi dedal de ouro no ano 2015.

Se queremos facer un pequeno descanso, non hai mellor lugar que a **Churraría Bonilla a la vista** (nº 54). É toda unha institución para os amantes do chocolate con churros ou as patacas fritas en aceite de oliva, que se exportan a tódalas partes do mundo, dende Corea a Estados Unidos.

**Sargadelos**, a cerámica máis prestixiosa de Galicia, expónse no nº 56, na antiga casa onde residiu Juana de Vega. Neste lugar a escritora conviviu ata os seus últimos días co corazón do seu marido gardado nunha urna de ébano e prata, proba do amor que lle profesaba. **Enxebre Artesanía Galega** (nº 43) permítenos adquirir, a prezos moi accesibles, agasallos e recordos co selo artesán. Reloxos e xoiarías coma **Romeu** ou **Salamanca**, con máis de 50 anos de historia, sucédense entre o ir e vir dos paseantes.

En **Deportienda**, os afeccionados ao fútbol tamén teñen na rúa Real o seu espazo onde atopar os equipamentos oficiais e comple-



mentos do equipo da cidade: o Real Club Deportivo da Coruña, toda unha institución, con máis de 20 000 socios e que move a miles de seguidores.

Máis adiante atopámonos, no nº 80, coa **Farmacia Villar**, unha das boticas máis vellas de Galicia, hoxe atendida pola sexta xeración da mesma familia. No seu escaparate-museo podemos ver pezas do primeiro establecemento que abriu as súas portas en 1827. Case ao seu carón atópanse as **Galerías Centro Real** (nº 86), que naceron a comezos do século XX coma o Gran Café Moderno coa súa fachada-reclamo, típica do Modernismo, que non nos deixa indiferentes. En 1985 conver-



teríase en centro comercial e no seu interior aínda achamos algúns establecementos coma o **Recanto do Libro Vello**, especialistas en libros e papel antigo ou **Lume da Luma**, unha tenda de arte e antigüidades, onde mercar os paraugas pintados a man Coruña Sublime, de edición limitada.

Ao final do noso paseo pola rúa Real, atopámonos co **OBELISCO**, un singular punto de encontro para os coruñeses que dá nome á zona comercial circundante. A construción, que data de 1894, foi tan innovadora na súa época que outras cidades coma Londres, Roma ou Tokio a imitaron. Trátase dunha columna sobre a que se sitúan catro reloxos, un termómetro e un barómetro, que se erixiu en honor de Aureliano Linares Rivas, periodista, deputado das Cortes Xerais pola Coruña e ministro durante os reinados de Afonso XII e María Cristina.

O noso itinerario continúa entre comercios, adéntrase na **rúa dos Olmos** <sup>11</sup> e axiña nos decatamos de que chegamos á zona de tapas pola cantidade de oferta que veremos. Pero hai dous lugares que reflicten perfectamente

**ARRIBA** Casa Solla

**ABAJO** Capela castrense de San Andrés

**PÁXINA OPOSTA** Fonte da Fama





o pasado e o futuro, a [Droguería Villar](#) (nº 5), co seu escaparate, mostradores e estantes orixinais de 1936, onde podes mercar dende unha brocha de afeitar, auga de colonia Myrurgia ou Varon Dandy ata sementes para plantar. Ao seu carón, portal con portal, está [Almacén Concept Store](#) (nº 7), que era o antigo almacén da Droguería Villar e que agora renaceu como un espazo multifuncional. Paga a pena percorrer as súas diferentes estancias que nos ofrecen produtos de cosmética, libros, flores, moda e complementos, téxtil-fogar, gastronomía e bar. En definitiva, un lugar de arte e encontro.

Para os nostáxicos dos vinilos, casetes e cedés, moi preto, xirando pola rúa do Arco chegamos a [Discovery Music](#). O pracer de rebuscar entre as ilustradas portadas de discos de vinilo está garantido; e se non teñen o que o cliente quere, búscano e conségueno.

Así chegamos á **praza de Santo André** <sup>12</sup>, no centro da cal se sitúa a chamada [Fonte da Fama ou do Anxo](#), hoxe puramente ornamental. Noutra época, as ordenanzas municipais víronse obrigadas a regular a súa utilización

polo uso indebido que se facía dela para dar de beber ao gando, lavar a roupa ou limpar o peixe.

Continuando coa tradición da familia Villar, na praza atopamos [J. Villar](#), unha drogaría ecolóxica, onde atopamos produtos ou utensilios para a hixiene persoal e para o fogar, fabricados de xeito sostible e respectuoso co medio ambiente.

Antes de abandonar a praza, detémonos no nº 1, para admirar o [EDIFICIO DO ARQUITECTO JULIO GALÁN](#), que crea unha composición totalmente xeométrica inspirándose no Modernismo austríaco e belga. A construción fora encargada, en 1911, polo seu propietario, Antonio Cabanelas, para montar o seu negocio de ultramarinos nos baixos e destinar o resto do edificio a vivendas..

A **rúa de Santo André** <sup>13</sup> é a arteria comercial do barrio da Peixaría e, ao longo desta, iremos vendo establecementos de todo tipo, como zapatarías, mercerías, tendas de roupa, bazares, confeitarias, perfumerías, tendas de decoración, obradoiros de artesanía... Nós percorrémola en dirección á praza de Pontevedra.

**ARRIBA** Fonte de Neptuno

**PÁXINA OPOSTA, ARRIBA** Casa Museo Picasso

**PÁXINA OPOSTA, ABAIXO** Casa dos Cisnes

A [CAPELA CASTRENSE DE SANTO ANDRÉ](#) será un dos primeiros monumentos co que nos atopemos. Foi promovida polo filántropo corrués Eusebio da Guarda, que lle encargou, a finais do século XIX, ao arquitecto Faustino Domínguez Coumes-Gay a construción deste templo neorrománico co propósito de poder ser enterrado xunto á súa esposa no seu interior, o cal non estivo exento de polémica.

No noso paseo podemos contemplar varios edificios modernistas, coma o dos números 69-71, coa súa cuidada decoración floral, sobre todo na cornixa, no interior do balcón



e nas columnas que sustentan as galerías. Na planta baixa do edificio está [Bouÿret](#), unha tenda de moda feminina de estética vintage, a especialidade da cal é vestir a noivas e invitadas con traxes orixinais e atemporais. Dende a súa apertura os seus deseños non deixaron de causar admiración nas revistas de moda.







A [CASA SOLLÁ](#) (nº 100) foi obra do arquitecto de orixe cubano Ricardo Boán y Callejas, ao que se lle atribúe a introdución do Modernismo na Coruña xunto con Antonio López Hernández, que realiza o [EDIFICIO LA LLAVE](#) (Santo André, 118), construído no ano 1911, que presenta unha decoración de grilandas e medallóns arredor dos miradoiros centrais; debe o seu nome á vella ferraxaría que ocupaba os seus baixos.

[Casa Claudio](#) era un negocio que en 1889 comezou sendo unha tenda de ultramarinos para se converter cos anos nunha importante rede de supermercados en Galicia. A finais dos noventa do pasado século, incorporouse a unha gran cadea, aínda que deixou algúns establecementos, coma este, especializados en produtos de alta gama.

O [Café de Macondo](#) (Santo André, 106) é todo un clásico da Coruña que nos permite gozar dun bo café mentres visitamos algunha das súas exposicións ou asistimos a un animado

faladoiro. Ademais, podemos ir acompañados dos nosos mellores amigos, os cans.

Polo camiño pasaremos pola praza de Santa Catalina, onde acudían as augadeiras da Coruña coas súas sellas, para enchelas coa auga da [FONTE DE NEPTUNO](#). É a fonte máis vella da cidade e está presidida polo Deus do Mar, que no seu escudo porta a Torre de Hércules. Nas inmediacións hospedábanse as coñecidas como «catalinas», mulleres do rural que no verán viñan tomar os baños á praia por prescrición médica.

Ao final da rúa de Santo André, desembocamos na **praza de Pontevedra** <sup>14</sup>, onde nos atopamos coas [ESCOLAS E INSTITUTO EUSEBIO DA GUARDA](#). Polo Instituto pasaron científicos como María Wonenburguer, escritores como Gonzalo Torrente Ballester e xenios da pintura como Pablo Picasso. Para descubrir a este último e o seu vencello coa Coruña é máis que recomendable visitar a [CASA MUSEO PICASSO](#), que se acha na inmediata rúa Paio Gómez, 14, para coñecer os inicios do creador do cubismo.



**ABAIXO** Kiosko Alfonso  
**PÁXINA OPOSTA** Mercado da praza de Lugo





Na actualidade, a área comercial da Coruña foise desprazando á inmediata **praza de Lugo** <sup>15</sup>. Ir alí de compras é un bo espectáculo para os amantes da arquitectura, que se poderán recrear vendo verdadeiras iconas do modernismo coruñés.

Entre estes edificios da praza destacamos a **CASA DOS CISNES** (nº 11), que foi realizada polo arquitecto Manuel Reboredo e na que nos chama a atención a súa fina decoración con azulexos de inspiración orientalizante, tal vez debida á importancia do porto da Coruña ao que chegaban influencias e artigos de tódalas partes do mundo e que condicionaron a arquitectura do momento.

Outro dos valiosos edificios é a **CASA ARAMBILLET** (nº 13), que foi mandada construír en 1912 pola viúva dun fabricante de mistos e deseñada polo arquitecto Antonio López, que se inspirou para iso na pintura prerrafaelista inglesa. As caras da fachada reproducen a faciana de Elizabeth Siddal, amante do pintor Dante Gabriel Rossetti, que morrera de sobredose pola mestura de opio, láudano e alcol, e se convertera nunha icona deste movemento artístico.

**PÁXINA OPOSTA** Cariátide de inspiración prerrafaelista  
**ARRIBA** Xardíns de Méndez Núñez



No nº 22 atópase outra obra de arte, un edificio realizado por Julio Galán, que presenta unha curiosa e coidada decoración a base de follas de árbores autóctonas, coma castiñeiros e carballos, á vez que nos sorprenden, na última planta, os innumerables ollos que nos contemplan.

O **MERCADO EUSEBIO DA GUARDA**, na praza de Lugo, ten a aparencia dun moderno centro comercial, pero baixo esta envoltura encóntrase unha das prazas de abastos mellor avitualladas de Galicia, cunha ampla oferta de peixe e mariscos frescos. A súa zona acolle todo tipo de comercios, aínda que predomina o negocio téxtil, abandeirado polas firmas asociadas ao grupo Inditex, destacando **Zara**, con case 5000 m<sup>2</sup> distribuídos nun magnífico edificio de galerías tipicamente coruñesas.

Unha vez rematadas as compras, recomendamos volver ao punto de partida polo **Cantón Pequeno** <sup>16</sup> e o **Cantón Grande**






<sup>17</sup>, este último coñecido tamén ata mediados do século XIX como o «Cantón da Sardiña». Aquí podemos visitar tres dos mellores espazos expositivos da cidade que se concentran na zona: a FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, aloxada nun magnífico edificio de liñas clásicas e galerías; AFUNDACIÓN, acollida na chamada popularmente «A onda de cristal», cuxo proxecto arquitectónico, realizado polo británico Nicholas Grimshaw, simula unha onda rompendo sobre a cidade; e o QUIOSCO AFONSO, unha xoia do Modernismo, obra do arquitecto Rafael Gómez Villar, que está

situado nos XARDÍNS DE CASTO MÉNDEZ NÚÑEZ, un verdadeiro xardín botánico en pleno centro da cidade polo que poderemos regresar á praza de María Pita tras atravesar a **avenida da Mariña** <sup>18</sup>.

ABAIXO E PÁXINA OPOSTA Avenida da Mariña







## A Torre de Hércules


O monumento máis emblemático da cidade é, sen dúbida, a [TORRE DE HÉRCULES](#). Obra realizada polo arquitecto Caio Servio Lupo, no século I, é -con 2 000 anos de historia-, o faro máis antigo do mundo en funcionamento. Foi declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 2009. Aínda que o seu aspecto exterior foi cambiando ao longo da historia, o interior é na súa maior parte o orixinal. O faro romano tiña unha rampla que circunvalaba o seu perímetro exterior. Hoxe presenta un revestimento neoclasicista, realizado no século XVIII por Eustaquio Giannini e acada 59 metros de altura. Creouse ao seu arredor un parque escultórico ao aire libre con obras de artistas de sona internacional coma os Menhires de Manolo Paz, o Caronte de Ramón Conde, a [BUGUINA](#) de Moncho Amigo, a [ROSA DOS VENTOS](#) de Correa Corredoira... Son máis de quince esculturas que embelecen un lugar único, onde o mar continúa a ser o protagonista. Percorrelo resulta un verdadeiro pracer para os sentidos.

Para chegar ata a Torre de Hércules recomendamos unha camiñada polo [PASEO MARÍTIMO](#) que, con máis de 13 km de lonxitude, é o máis extenso de Europa. Ao longo do percorrido iremos gozando dos farois, cos 1 200 esmaltes da artista Julia Ares. Lindando co paseo está o [CEMITERIO DE SANTO AMARO](#), incluído no ano 2013 na Ruta de Cemiterios Europeos. Este cemiterio, situado fronte ao


mar, pódese percorrer seguindo catro rutas: o Itinerario dos creadores, historiadores e científicos (onde se atopan as tumbas de Pondal, Curros Enríquez e Wenceslao Fernández Flórez), o Itinerario dos políticos, os militares e os soños da Coruña, o Itinerario dos segredos de Santo Amaro e o Itinerario artístico.

Pasada xa a Torre de Hércules atopámonos co [AQUARIUM FINISTERRAE](#), chamado polos coruñeses a Casa dos Peixes, na sala Maremágnun do cal poderemos descubrir case todo acerca do noso mar. Despois a [DOMUS](#),

**PÁXINA OPOSTA** Torre de Hércules  
**ABAIXO** Millenium








obra do arquitecto xaponés Arata Isozaki e primeiro museo interactivo do mundo dedicado ao funcionamento do corpo humano. Deseguido, as praias de Riazor e do Orzán, que tódolos anos se iluminan con infinitas cacharelas na noite máxica de San Xoán, festa declarada de Interese Turístico Internacional. E ao final, o Pazo dos Deportes de Riazor, obra de Santiago Rey Pedreira, e o seu estadio municipal de fútbol, onde xoga o [REAL CLUB DEPORTIVO DA CORUÑA](#). Continuando polo paseo chegamos ata o [MUNCYT](#) (Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía), un cubo semitransparente galardoado co Premio Nacional de Arquitectura Nova.

Pouco despois chegamos ao obelisco acristalado chamado [MILLENIUM](#).

Para rematar o noso percorrido, nada mellor que subir ao [MONTE DE SAN PEDRO](#), onde as velhas instalacións militares foron convertidas en lugar de lecer e dende o que se poden contemplar as mellores vistas da cidade (a ría da Coruña, o golfo Ártabro e o océano Atlántico). Se queremos maridar as espléndidas panorámicas coa alta gastronomía galega, nada mellor que entrar no restaurante [Árbore da Veira](#), galardoado cunha estrela Michelin en 2021.

**ARRIBA** O museo interactivo Domus

**ABAIXO** Aprendendo xogando no Aquarium Finisterrae



## Outras guías relacionadas







გზიციბ